

AXENDA



Prezada comunidade:

Esta semana felicitamos con moito orgullo ao noso investigador posdoutoral **Yago Atrio** polo seu **2º premio no programa ÍCARUS da USC**.

Por suposto, como cada xoves, contamos convosco mañá no derradeiro seminario de doutoramento antes do descanso do verán, que xa temos á volta da esquina. E lembramos tamén que **o venres 26/07/24 remata o primeiro periodo de presentación de propostas para o financiamento de actividades I+D+i de ECOBAS**, polo que vos animamos a remitir canto antes as vosas iniciativas.

Saúdos!!

»» AXUDAS ECOBAS PARA ACTIVIDADES I+D+i: CONVOCATORIA 2024

Animamos a todo o persoal investigador á presentación de iniciativas a convocatoria 2024 de Axudas para a realización de actividades de I+D+i:

- DESTINATARIOS: persoal IP membro de ECOBAS
- PRAZO SOLICITUDES: aberto ata o 30 de setembro de 2024
- Toma a información en ecobas.gal:
Información da convocatoria: bases + anexos I e II

»» SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: DAVID HERVÉS PARDAVILA

XOVES
18/07
12:00 H

“USER-GENERATED AND GEOLOCATED DATA FOR VALUING TOURISM AND RECREATIONAL ECOSYSTEM SERVICES”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC - Aula 20.
- ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.

Imprescindible formalizar REXISTRO PREVIO AQUÍ



AXENDA



>>> "A ECONOMÍA PRATEADA: PRINCIPAIS SEGMENTOS E CARACTERÍSTICAS DOS ADULTOS MAIORES"

16 DE XULLO
16:30 H

A investigadora de ECOBAS **Isabel Neira** impartirá esta sesión no marco do curso de verán titulado "Envellecer na diversidade: identidade de xénero, ruralidade, situación de discapacidade, estatus socio-económico e inmigración" que organiza a Cátedra Cruz Roja-USC.

- Actividade presencial. Centro socio-cultural O Vello Cárcere (Pz. da Constitución, s/n LUGO).
- Do 15 ao 18 de xullo.

>>> DEFENSA DE TESE: JAIME FERNANDES TEIXEIRA

LUNS
22/07
11:00 H

"EARNINGS MANAGEMENT AND CORPORATE GOVERNANCE: THEORETICAL AND EMPIRICAL STUDIES IN IBERIAN UNLISTED FIRMS"

- ACTIVIDADE PRESENCIAL
- Localización: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Salón de Graos.



>>> XORNADA "CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS: RECOMENDACIÓNS E BOAS PRÁCTICAS"

23 e 24 SETEMBRO

En colaboración coa UDC e FEGAMP, o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas** organiza a II Xornada Economía Circular Local (ECIL) co obxectivo de analizar a realidade da contratación pública da xestión dos residuos municipais, concretamente os contratos de recollida e transporte de residuos e os de tratamento.

Analizaranse os elementos e riscos xurídicos a ter en conta nos procesos de preparación contractual para levar a cabo unha xestión estratéxica destes contratos, de acordo cos obxectivos da política comunitaria de economía circular e a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e a súa normativa de desenvolvemento vixente e en proceso de aprobación (envases e residuos de envases, pilas e acumuladores, aparellos eléctricos e electrónicos, desperdicio alimentario, téxtil, mobles e enseres, etcétera).



- Actividade presencial. Salón de Actos do Cersia. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol. Santiago de Compostela (Ver ubicación)
- Destinatarios: responsables políticos, técnicos municipais e profesionais vinculados á xestión de residuos municipais; estudantes de grao e público xeral.
- Ligazón ao formulario de inscrición

ACTUALIDADE



>>> COMEZA O PROXECTO EC-IUS, AULA XURÍDICA DE ECONOMÍA CIRCULAR

O investigador principal de ECOBAS **JJ Pernas** vén de anunciar esta semana o inicio do proxecto EC-IUS, Aula Xurídica de Economía Circular, encadrado no ECIL que el mesmo lidera. A iniciativa nace do Grupo de Investigación Derecho Público Global e conta co apoio da Fundación Universidade da Coruña. EC-IUS desenvolverá obradoiros especializados de actualización normativa, deseñados para ofrecer unha formación profesionalizadora en materia de prevención e xestión de residuos e da economía circular e, especialmente, con relación ás novidades regulatorias que se están producindo neste ámbito. Xa se atopa dispoñible a programación de obradoiros para o derradeiro cuadrimestre de 2024 e principios de 2025.

[Ligazón á información completa aquí.](#)

>>> YAGO ATRIO LEMA, 2º PREMIO ICARUS 2024 NA ÁREA DE CC. SOCIAIS E HUMANIDADES, CATEGORÍA TESE DOUTORAL



Con moito orgullo felicitamos ao noso investigador posdoutoral, Yago Atrio Lema, polo seu traballo “Perfilado do turista e modelos de recomendación”, merecedor dun dos 18 premios do Programa ICARUS da Universidade de Santiago de Compostela (USC) na súa edición 2024.

Estes galardóns recoñecen ao estudiantado con traballos de fin de grao (TFG) e mestrado (TFM) ou teses de doutoramento destacados pola súa aplicabilidade social e económica.

[Le a información completa en ecobas.gal.](#)

>>> NOVO MESTRADO | XESTIÓN E LIDERADO DE ORGANIZACIÓNS SANITARIAS

O vindeiro curso 2024/2025 arrancará a nova titulación “Máster en Xestión e Liderazgo de Organizacións Sanitarias da Universidade de Vigo”, un programa avanzado dirixido polo investigador de ECOBAS **Ernesto López Valeiras**.

O cadro de profesorado conta con varios IPs vinculados a ECOBAS. Por parte da UVIGO, Eva Rodríguez Míguez, Beatriz González Sanchez, Diego García Sánchez e Ernesto López-Valeiras e por parte da USC, Manuel Antelo Suárez e Juan Carlos Reboredo.

Fundamentos da xestión sanitaria, estratexias de planificación e control de xestión e a aplicación de novas tecnoloxías e e-health no ámbito sanitario son os eixes do mestrado, conformado por tres módulos docentes que outorgarán ao alumnado candanseu título de experto, máis un cuarto módulo no que se inclúe o TFM.

- Título de experto en Fundamentos da Xestión Sanitaria
- Título de experto en Planificación e control de xestión nas organizacións sanitarias
- Título de experto en E-health e novas tecnoloxías na xestión sanitaria

A inscrición está aberta **ata o 06/09/2024** | [Información completa dispoñible na web do Mestrado](#)

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> GRAZAS AOS PARTICIPANTES DA 1ª EDICIÓN DA ECOBAS SUMMER SCHOOL PARA PERSOAL INVESTIGADOR EN CIENCIAS SOCIAIS



Culminamos a celebración desta primeira edición da ECOBAS Summer School tras dúas intensas xornadas de formación intensiva para o aplicado grupo interuniversitario de persoal investigador pre e posdoutoral interesado en profundizar na metodoloxía 'DiD'.

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo, Belén Rubio Armesto, acudiu á apertura destas sesións celebradas no edificio Redeiras coa participación do alumnado chegado dende os distintos puntos da xeografía galega e tamén dende Portugal. Moitas grazas polo voso esforzo e dedicación!

[Le a nova no DUVI.](#)

>>> CALL FOR PAPERS | ADVANCING PRO-ENVIRONMENTAL BEHAVIOR: FROM THE WORKPLACE TO CONSUMER ACTIONS



A Revista Galega de Economía, da que é co-director o investigador de ECOBAS **Adolfo Carballo Penela**, ten aberta a chamada para o número especial que esta publicación adicará á análise do comportamento pro-ambiental no traballo e o comportamento pro-ambiental dos consumidores.

Call for papers ata o 31 de decembro de 2024.

[Consulta toda a información desta chamada premendo na ligazón.](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DA RAGC



As "Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias" recoñecen a traxectoria de científicos e científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia:

- Outorgaranse 5 medallas, unha por cada sección da RAGC
- "Medalla Domingo García-Sabell Rivas" no ámbito das CC. Económicas e Sociais
- Prazo de presentación de candidaturas **ata o 13/09/24**



[Ligazón ás bases da convocatoria](#)

>>> CIENCIA: PREMIOS GALICIA SPIN-OFF



O portal GCiencia convoca a oitava edición dos Premios Galicia Spin-Off, galardóns que se conceden ás iniciativas empresariais máis innovadoras xurdidas dende calquera das tres universidades do SUG.

O certame establece tres categorías: "Selo de calidade", "Idea emerxente" e "Grupos de Investigación". As empresas e grupos de investigación interesados en participar nas categorías Idea Emerxente e Grupo de Investigación poderán enviar a súa **candidatura ata o 31 de xullo** á dirección de correo electrónico spinoffgalicia@gmail.com

- [Máis información e ligazón ás bases do premio na páxina web de GCiencia](#)



>>> ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS

Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais:

<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

